# II. AUTORIDADES E PERSOAL

## a) CESAMENTOS:

## CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS, EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS

*Corrección de erros.-Decreto 222/2004, do 23 de setembro, polo que se dispón que cese María Jesús Yebra Biurrun como secretaria xeral da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.*

Advertidos erros no devandito decreto, publicado no DOG nº 187, do 24 de setembro de 2004, cómpre facer as oportunas correccións:

No parágrafo 3, onde di: «Que cese, por pase a outro destino, María Jesús Yebra Biurrun, ...», debe dicir: «Que cese María Jesús Yebra Biurrun ....».

# III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Resolución do 17 de setembro de 2004, da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa, pola que se establecen as datas de elección dos membros das xuntas provinciais e autonómica de directores de centros de ensino escolar.*

A Orde do 10 de decembro de 1997 (DOG do 18 de decembro) creou e regulou as xuntas provinciais de directores de centros de ensino non universitario.

A Orde do 11 de novembro de 1999 (DOG do 10 de decembro) creou e regulou a Xunta Autonómica de Directores de Centros de Ensino non Universitario e modificou a devandita Orde do 10 de decembro de 1997.

A Resolución do 4 de febreiro de 1998 (DOG do 18 de febreiro), da Dirección Xeral de Centros e Inspección Educativa, pola que se establece o procedemento de elección, constitución, renovación e substitución dos membros das xuntas provinciais de directores de centros de ensino non universitario, recolle no seu artigo 1 que a elección dos directores que formarán parte das citadas xuntas provinciais se efectuará nas datas fixadas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria coincidindo coa renovación dos consellos escolares no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Resolución do 17 de novembro de 2000 (DOG do 28 de novembro), conxunta da Secretaría Xeral e da Dirección Xeral de Centros e Inspección Educativa, pola que se establece o procedemento de elección, constitución, renovación e substitución dos membros da Xunta Autonómica de Directores de Centros de Ensino non Universitario, recolle no seu artigo primeiro que a elección dos directores que formarán parte da Xunta Autonómica de Directores de Centros de Ensino non Universitario se efectuará a continuación do proceso de renovación das xuntas provinciais de directores, nas datas fixadas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

A Resolución do 25 de setembro de 2002, da Dirección Xeral de Centros e Inspección Educativa, pola que se establecen as datas de elección dos membros das xuntas provinciais e autonómica de directores de centros de ensino non universitario modificou, na súa disposición adicional única, o parágrafo 3º do artigo 4 da antedita Resolución do 4 de febreiro de 1998, da Dirección Xeral de Centros e Inspección Educativa, pola que se establece o procedemento de elección, constitución, renovación e substitución dos membros das xuntas provinciais de directores de centros de ensino non universitario.

Por corresponderlle no curso 2004-2005 a renovación dos consellos escolares dos centros docentes non universitarios sostidos con fondos públicos, esta dirección xeral, en uso das atribucións expresadas na disposición derradeira primeira da Orde do 10 de decembro de 1997 e na disposición derradeira primeira da Orde do 11 de novembro de 1999,

*RESOLVE:*

Artigo 1º.-Convocatoria.

1. Correspóndelle ao delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a convocatoria, na súa respectiva provincia, das eleccións dos directores que formarán parte da Xunta Provincial de Directores de Centros de Ensino non Universitario e da xunta autonómica de Directores de Centros de Ensino non Universitario.

2. En cada convocatoria provincial figurarán as vacantes a cubrir no correspondente proceso electoral.

Artigo 2º.-Prazo.

As eleccións efectuaranse no primeiro trimestre do curso académico 2004-2005, de tal xeito que:

a) A constitución das xuntas provinciais se leve a cabo antes do día 30 de novembro de 2004.

b) A constitución da Xunta Autonómica se leve a cabo antes do día 20 de decembro de 2004.

Artigo 3º.-Procedemento.

1. A regulación do procedemento de elección dos membros das xuntas provinciais de directores, e a constitución e funcións das xuntas electorais, seguirá o procedemento establecido na Resolución do 4 de febreiro de 1998, da Dirección Xeral de Centros e Inspección Educativa (DOG do 18 de febreiro), sen prexuízo do establecido na disposición adicional única da Resolución do 25 de setembro de 2002, da Dirección Xeral de Centros e Inspección Educativa, pola que se establecen as datas de elección dos membros das xuntas provinciais e autonómica de directores de centros de ensino non universitario.

2. A regulación do procedemento de elección dos membros da Xunta Autonómica de Directores seguirá o establecido na Resolución do 17 de novembro de 2000, conxunta da Secretaría Xeral e da Dirección Xeral de Centros e Inspección Educativa (DOG do 28 de novembro).

*Disposición derradeira*

Única.-Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2004.

Alberto González Armesto
Director xeral de Centros e Ordenación Educativa

## CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN, INDUSTRIA E COMERCIO

*Orde do 10 de setembro de 2004 pola que se aproban as bases que rexerán o concurso público para a concesión de axudas para a realización de tres proxectos de investigación, relativos aos centros de educación non universitaria de Galicia.*

O Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica (2002-2005), aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 14 de marzo de 2002, prevé a utilización de diferentes instrumentos para levar a cabo a execución dos seus programas. Ademais dos instrumentos ordinarios, recóllense outros máis específicos, con frecuencia de utilización esporádica e que responden aos obxectivos concretos de cada programa.

Por outra parte, o Plan Galego de Formación Profesional no seu programa de mellora do sistema de formación profesional de Galicia, cara a un sistema integrado de orientación, formación e cualificación profesional, establece entre outros un plan de innovación didáctica e metodolóxica que contribúa á creación dunha cultura específica da FP, que desenvolva integradamente proxectos, estudos, investigacións e experiencias didácticas da FP e que favoreza o contraste didáctico dos desenvolvementos e experiencias dos tres subsistemas de FP.

Neste contexto encádrase a presente convocatoria e con ela preténdese impulsar o desenvolvemento de proxectos e promover entre o profesorado a constitución de equipos estables de I+D para a didáctica da FP asociados ás familias profesionais de maior relevancia na nosa comunidade autónoma.

Polo que antecede

*DISPONSE:*

Artigo 1º

Un.-Convócase concurso público para a concesión de axudas para a realización de tres proxectos de innovación didáctica, metodolóxica e de deseño de novos materiais didácticos para o ensino da FP que tratarán sobre os seguintes temas:

Proxecto A: Deseño e construción dun seguidor solar para unha instalación solar fotovoltaica, que recolle os seguintes obxectivos:

1. Obxectivos xerais:

a) Deseñar e construír un panel de módulos fotovoltaicos que presente un máximo rendemento na transformación da enerxía da radiación solar incidente, tendo sempre unha dirección perpendicular os raios do sol segundo a hora do día e segundo a época do ano.

2. Obxectivos específicos:

a) Realizar o proxecto segundo as directrices xerais anteriormente expostas no punto anterior.

b) Elaborar un material escrito e audiovisual sobre a temática da enerxía solar fotovoltaica que sirva para ser empregada na aula cara aos ciclos formativos da formación profesional regulada e bacharelato.

c) Elaborar un formulario básico, en soporte papel, e/ou informático coas propostas de realizacións.

d) Realizar un estudo sobre a radiación solar incidente en Galicia.

e) Tratar de que as conclusións, ou materiais que resulten deste grupo de traballo sexan válidos para o seu emprego na aula, coa inclusión das novidades técnicas ou melloras xurdidas da experiencia da súa posta en práctica.

f) Dotar o centro educativo dun espazo permanente de investigación para a impartición de clases maxistrais, demostracións de produtos, e calquera outro aspecto de aplicación na docencia.

Proxecto B: Técnicas de cociñado ao baleiro en atmosfera modificada, que recollerá os seguintes obxectivos:

1. Obxectivos xerais:

a) Acadar unha mellor calidade no desenvolvemento de actividades de ensino e aprendizaxe en todo o relacionado coa utilización do baleiro na elaboración e/ou conservación de produtos culinarios.

b) Investigar novas alternativas á cociña tradicional.

2. Obxectivos específicos:

a) Propor diferentes realizacións básicas de cociña ao baleiro con criterios de realización asumibles por todos.

b) Realizar un formulario básico, en soporte papel e/ou informático coas propostas de realizacións.

c) Reunir diverso material gráfico sobre o tema para o seu emprego na aula, coa inclusión das novidades técnicas ou melloras xurdidas da experiencia posta en práctica.